“CONTAMOS CONTOS de LOBOS?” da compañía de teatro Ghazafelhos.

Contamos Contos de Lobos? é un espectáculo na que a participación activa do público e unha alta porcentaxe de improvisación colectiva son os ingredientes fundamentais.

Dúas personaxes, Mon e Pe, achéganse ao publico para contar distintas historias populares onde hai lobos como protagonistas. Facendo una escolla “aleatoria” de propostas como Carapuchiña, os tres porquiños, Pedro e o Lobo, Os sete cabuxos… proporemos interpretar esas historias coa axuda das nenas e nenos do público.

Ao participar na dramatización da peza, trabállanse valores como a escoita activa, a empatía, entender outros puntos de vista… e todo dun xeito lúdico e dende o teatro.

Ao facer os contos guiados, fase fincapé na importancia da colaboración de todas e todos para que funcione a historia e aprender dela as mensaxes que trasladan: axudar e cooperar como xeito de construír conxuntamente unha peza teatral.

A escenografía da peza conta cunha casa pequena onde os nenos e nenas poden entrar e facer xirar distintas portas que amosan casiñas diferentes: casa de palla, casa de madeira, de pedra…

As personaxes guían o espectáculo, Mon e Pe, presentan as historias empregando as artes do circo (malabares, equilibrismo, ilusionismo) en clave de clown.

A duración é de 50 minutos e vai dirixido a público infantil e familiar a partir de 3 anos.

Montse Piñón e Pepablo Patinho son os fundadores da compañía de teatro familiar Ghazafehos. Nos seus case 20 anos de historia, levan máis de 30 espectáculos de pequeno e gran formato. Os dous son tamén profesores de teatro infantil e adulto en escolas municipais como Narón, Cariño, Mugardos e Moeche. A súa experiencia nos obradoiros de teatro con nenas e nenos levouno a crear este espectáculo participativo que fai as ledicias de grandes e pequenos.

Distribución urdime